

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO DO CONCELLO DE RIANXO A TRAVÉS DOS “BONOS RIANXO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Rianxo vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas denominadas Bonos RIANXO dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector retalista de Rianxo, incentivando o consumo neste tipo de establecementos abertos ao público en Rianxo para a venda de produtos e oferta de servizos e á súa convocatoria.

Nun primeiro momento este programa denominouse como Bonos COMERCIO, xa que as axudas-desconto estaban pensadas para o troco en establecementos comerciais retailistas. Non obstante, decidiuse o cambio de BONOS COMERCIO a BONOS RIANXO porque búscase que tamén se poidan adherir os establecementos que presten servizos, coa condición de que dispoñan de un establecemento aberto ao público no Concello de Rianxo para a venda ao por menor de produtos ou a oferta de servizos.

As bases reguladoras son as seguintes:

PRIMEIRA. OBXECTO

1.1 Estas bases reguladoras teñen como obxecto determinar o réxime xurídico aplicable a concesión das axudas do programa Bonos RIANXO para a incentivación do consumo nos establecementos minoristas abertos ao público en Rianxo para a venda de produtos e oferta de servizos e á súa convocatoria.

1.2 As axudas que se concedan no marco deste programa terán a consideración de subvencións a fondo perdido.

1.3 O procedemento para a concesión das axudas é o de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO MUNICIPAL

O Concello de Rianxo achegará inicialmente, sen prexuízo de posibles ampliacións posteriores, o importe de 15.000 € para a emisión de 500 paquetes de bonos.

Para elo, dispórase dun crédito orzamentario de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 433.48000.

As contías expresadas enténdense co IVE incluído.

As axudas que se outorguen adxudicaranse ata o límite dos créditos autorizados na antedita aplicación orzamentaria, sen prexuízo dunha posible ampliación da dotación orzamentaria, que requirirá a súa publicación previa no sitio web e no taboleiro de anuncios municipais.

TERCEIRA. ENTIDADE COLABORADORA, ÓRGANO INSTRUTOR E CONCEDENTE

A entidade colaboradora encargada na xestión dos Bonos RIANXO é a Asociación Rianxeira de Empresarios (en adiante ARE) que foi nomeada como tal pola Resolución da Alcaldía núm. 208/2022, do 16 de marzo, ao abeiro do procedemento de selección convocado a tal fin de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

A ARE encargarse da entrega e distribución dos fondos municipais aos establecementos adheridos, colaborando noutras tarefas de xestión do procedemento. Así mesmo, responsabilizárase de efectuar o reintegro ao concello dos fondos non utilizados á finalización da campaña.

O órgano instrutor será o Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.

O órgano concedente será a Xunta de Goberno Local.

CUARTA. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Son subvencionables os gastos en compras de bens e servizos a través dos Bonos RIANXO nos establecementos de Rianxo adheridos ao programa.

As vendas e servizos subvencionados serán os realizados dende o día seguinte á publicación da listaxe dos negocios adheridos ao programa e ata o 30 de xuño de 2022.

QUINTA. BENEFICIARIOS DAS AXUDAS E ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

5.1 Terán a condición de beneficiarias as persoas físicas maiores de idade que cumpran cos seguintes requisitos:

1. Realizar as actuacións previstas na base 5.2.
2. Tramitar as súas solicitudes de acordo co establecido nesta convocatoria.
3. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e a do Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.
5. Para acreditar o cumprimento dos requisitos previstos nos puntos 3 e 4, deberán cumprimentar a declaración responsable que está dispoñible durante o proceso de solicitude dos bonos..

5.2 Solicitude dos bonos

5.2.1 Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario/a deberá acceder á web habilitada a tal fin a través de www.arenx.com e deberá rexistrarse indicando a seguinte información:

1. Nome e apelidos.
2. DNI ou NIE.
3. Localidade de residencia (código postal).

4. Número de teléfono móbil.
5. Correo electrónico.
6. Declaración responsable da veracidade dos datos indicados e de cumprir co esixido nos apartados 5.1.3 e 5.1.4 destas bases.

5.2.2 O rexistro e a descarga dos bonos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.

5.2.3 Reservarase unha parte dos bonos para poñelos a disposición, en formato físico, de persoas maiores e/ou con dificultades para acceder aos bonos virtuais.

As persoas que vaian solicitar estes bonos físicos deberán autorizar expresamente aos encargados da súa distribución para que realicen os trámites necesarios.

5.3 Requisitos dos establecementos adheridos

Poderán adherirse a esta campaña as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa actividade no municipio de Rianxo e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
2. Que sexan persoas traballadoras autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión do 17 de xuño.
3. Que dispoñan de un ou varios establecementos abertos ao público no Concello de Rianxo para a venda ao por menor de produtos ou a oferta de servizos.
4. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e a do Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.

5.4 Procedemento de adhesión

1. O prazo de adhesión será de 15 días hábiles dende o día seguinte á data da publicación destas bases no BOP.
2. A solicitude de adhesión presentarse telematicamente a través da sección habilitada na web da entidade seleccionada a tal efecto. Nesta sección incluírase un formulario a través do cal poderase presentar toda a documentación esixible.

3. Na dita sección estará dispoñible toda a información relativa ao programa así como tamén as bases legais e os modelos normalizados necesarios: Anexo I Solicitud de adhesión e Anexo II Ficha de terceiros
4. No caso de que a empresa teña a forma de persoa xurídica, a solicitude deberá presentala e asinala unha persoa física con poder de representación suficiente que deberá achegar coa solicitude.
5. Xunto cos Anexo I e II deberá presentarse ademais a seguinte documentación:
 - a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
 - b) NIF da entidade solicitante.
 - c) DNI ou NIE da persoa representante.
 - d) Certificados de estar ó corrente coa Administración Autonómica, AEAT e coa Seguridade Social.
6. A persoa autónoma ou PEME poderá adherir a máis dun establecemento comercial dos que sexa titular, sempre que se atopen en locais distintos.
7. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta convocatoria.
8. A entidade colaboradora entregará as solicitudes completas ao concello, indicando cales reúnen os requisitos esixidos e cales no, co fin de que a Alcaldía resolva as ditas solicitudes. Os establecementos aos que se lles aceptase a súa solicitude de adhesión publicaranse na páxina web municipal e na da entidade colaboradora.

5.5 Comprobación dos datos das empresas interesadas na adhesión

O Concello de Rianxo consultará de oficio se a entidade solicitante se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Rianxo.

5.6 Obrigas dos establecementos adheridos

Os establecementos adheridos ao programa Bonos RIANXO adquirirán, a través da solicitude de adhesión, as seguintes obrigas:

1. Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida polo concello e/ou a entidade colaboradora para as xestións e comprobacións realizadas no ámbito desta convocatoria.
2. A adhesión por parte dos establecementos suporá a aceptación das bases da convocatoria e das condicións técnicas e xurídicas para aplicar a utilización dos bonos.
3. Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bonos RIANXO.
4. Facer o desconto directo do bono na factura/factura simplificada emitida, de xeito que o usuario non chegue a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado. A factura/factura simplificada deberá especificar de modo expreso o importe do desconto.

5. Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte do Concello de Rianxo para verificar o axeitado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
6. Conservar todos os tickets de compra e facturas xustificativas da aplicación dos bonos, así como os demais documentos que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido pola lexislación vixente sobre a materia.

SEXTA. BONOS

6.1 As características dos Bonos RIANXO son as seguintes:

1. Cada lote de bonos terá un valor de 30 € que irán fraccionados en 2 bonos de 10 € e 2 de 5 €. Os bonos de 10 € poderán descontarse en compras iguais ou superiores a 30€ e os bonos de 5 € en compras iguais ou superiores a 15 € nos establecementos adheridos a esta convocatoria.
2. Só poderán solicitar bonos as persoas maiores de idade cun límite máximo dun lote de bonos por persoa.
3. O importe de cada lote de bonos poderá gastarse nunha única transacción ou fraccionadamente segundo as condicións indicadas no punto 1.
4. No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un vale polo importe íntegro da compra, non sendo posible a devolución en efectivo.

6.2 O período de validez dos bonos será ata o 30 de xuño de 2022, salvo esgotamento previo do seu saldo. Rematado o período de validez, o bono non trocado caducará e non poderá utilizarse como desconto de compra.

6.3 Características para o procedemento de solicitude e adxudicación dos bonos.

Unha vez rematado o proceso de adhesión dos establecementos interesados e publicada a listaxe dos negocios adheridos, abrirase un período para a solicitude por parte dos usuarios/as dos lotes de bonos e o comezo do troco dos mesmos.

As persoas interesadas poderán solicitar a concesión dun máximo de 1 lote bonos.

6.4 Sistema de funcionamento dos bonos

A adquisición dos bonos realizarase a través da plataforma dixital habilitada a tal efecto.

Reservarase unha parte dos bonos para emitilos en formato físico e poñelos a disposición de persoas maiores e/ou con dificultades para acceder aos bonos virtuais, de acordo co punto 5.2.3 destas bases.

A entidade seleccionada determinará a data e o lugar para o reparto destes bonos físicos que se adxudicarán nas mesmas condicións que os virtuais.

O troco do bono esixirá acreditar a identidade do seu titular no establecemento mediante a exhibición do DNI, tendo o establecemento adherido a obriga de comprobar de que o posuidor do bono é maior

de idade.

O establecemento deberá emitir, en todo caso, a factura/factura simplificada da transacción, que deberá respectar o contido e requisitos do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de facturación. Dita xustificación da compra debe reflectir o importe do bono descontado.

Os establecementos adheridos ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada durante o proceso de adhesión, o importe das vendas efectuadas por parte da entidade colaboradora, sempre que cumpran debidamente coas súas obrigas da xustificación.

Para que o establecemento poida recibir o reembolso dos bonos trocados é requisito indispensable que se presente ante a entidade colaboradora, para cada venda subvencionada, a factura simplificada na que se reflecta o importe do/s bono/s utilizados nela como desconto.

Non se abonarán bonos falsificados, rotos, deteriorados ou presentados a partir da data límite da súa liquidación.

A falta dalgún destes elementos será motivo de perda da axuda vinculada á dita transacción.

SÉTIMA. ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN

7.1 O Concello de Rianxo reserva para si o dereito de realizar, previamente ou a posteriori da concesión destas axudas, incluso de forma aleatoria, cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bonos RIANXO.

7.2 No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello de Rianxo poderá cancelar a súa adhesión ao programa subvencionado. Neste caso, comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

7.3 Os establecementos adheridos ao programa bonos RIANXO están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida polo Concello de Rianxo e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

OITAVA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas obtidas ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con calquera outra axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións Públicas.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade seleccionada para a xestión do Programa Bonos RIANXO ostentando o Concello de Rianxo a condición de responsable do tratamento, e serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión dos bonos.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, en base á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da

Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e o Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Para a entrega do material coa imaxe corporativa do programa Bonos compra Rianxo aos establecementos adheridos, a información relativa ao nome comercial e dirección postal do comercio, comerciante polo miúdo, nome da persoa representante e teléfono móbil poderá ser comunicada a terceiros colaboradores.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos comercios/comerciantes polo miúdo adheridos ao programa na páxinas web do Concello e da entidade seleccionada. Tamén poderá difundirse a dita información a través das redes sociais (RRSS) de ambas entidades e dos medios de comunicación .

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable, acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica do Concello de Rianxo, ou presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderán exercer devanditos dereitos na sede da entidade colaboradora (Rúa Hospital, 14. 15920 Rianxo) ou contactando con ela a través do correo electrónico bonosrianxo@are.gal; e que poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos na sección de Avisos Legais da web da entidade www.are.gal.

DÉCIMA. NORMATIVA DE APLICACIÓN

En todo o non disposto nestas bases, seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, a normativa básica prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración Local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I: SOLICITUDE DE ADHESIÓN E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA “BONOS RIANXO”

Don/Dona _____, provisto/a de NIF/NIE núm. _____, en representación de _____ con CIF núm. _____, solicitante das axudas do Concello de Rianxo convocadas ao abeiro do programa Bonos Rianxo para a incentivación do consumo nos establecementos minoristas abertos ao público en Rianxo para a venda de produtos e oferta de servizos e á súa convocatoria,

DECLARO:

- ✓ Que teño a miña actividade no municipio de Rianxo e que reúno as condicións legalmente establecidas para o exercicio da miña actividade
- ✓ Que son persoa traballadora autónoma ou pequena e mediana empresa, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión do 17 de xuño
- ✓ Que dispoño de un ou máis establecementos abertos ao público no Concello de Rianxo para a

venta ao por menor de produtos ou a oferta de servizos:

Nome comercial	Enderezo	Correo electrónico	Teléfono	Horario atención

✓ Non me atopo incurso/a en ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social

✓ Que todos os datos que declaro son correctos

Polo tanto **SOLICITO** a Adhesión do/s meu/s establecemento/s ao Programa: Bonos Rianxo de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

En Rianxo a _____ de _____ de 2022

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

A persoa solicitante está obrigada a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

A. No caso de persoa física:

- a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.
- b) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
- d) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia

B. No caso de microempresa:

- a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante
- b) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- c) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa

d) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia

ANEXO II: FICHA DE TERCEIROS

A disposición en concelloderianxo.gal/face